



RESOLUCIÓN DO 16 DE XANEIRO DE 2024 DA XERENCIA DE ÁREA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE CONVOCA PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA DO PERSOAL FIXO DAS CATEGORÍAS DE SANITARIO DE GRAO E FORMACIÓN PROFESIONAL E DE XESTIÓN E SERVIZOS NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA.

Exposición de motivos

A Disposición adicional quinta do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que "con independencia das súas facultades de ordenación de persoal, os órganos directivos das institucións sanitarias, baixo o principio de planificación eficiente das necesidades, procurarán que a localización do persoal dentro da institución sanitaria responda a criterios de obxectividade, igualdade e voluntariedade. Para estes efectos, habilitarán periodicamente procedementos de traslados internos, con suxeición a baremo, entre postos de traballo da mesma categoría, que contén coa participación das organizacións sindicais. No seo da mesa sectorial negociaranse as bases dos citados procedementos e dos baremos aplicables, nos cales se primará a valoración da antigüidade no Sistema Nacional de Saúde, a permanencia na institución, a experiencia profesional nas áreas específicas, a formación continuada e a docencia".

Con data 23 de Decembro de 2009 asínase acta de aprobación das bases do procedemento de traslados internos, dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, do persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos, onde se establece que "a convocatoria de cada proceso de mobilidade interna será negociada na respectiva comisión de centro ou xunta de persoal de área" engadindo que a convocatoria contará, como mínimo; dunhas bases, a relación de todos os postos que se poden solicitar en cada categoría profesional e o modelo normalizado de solicitude".

Asináronse acordos coas centrais sindicais con presenza no Complexo Hospitalario Universitario A Coruña nos anos 2010, 2012, 2015, 2018 e 2021 aos que dan continuidade as presentes bases.⁴

Esta Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019 do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,



RESOLVE:

Primeiro.- Convocar CONCURSO MOBILIDADE INTERNA entre Unidades/Servizos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña con suxeición ás bases asinadas o día 16 de xaneiro de 2024 entre a Xerencia de Área Sanitaria da Coruña e Cee e as centrais sindicais CC.OO, CIG, CSIF, O'MEGA, SAE, SATSE e UGT, que constan como Anexo I desta Resolución.

Segundo.- Normas xerais

Convócase mobilidade interna para o persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario de grao e formación profesional e de xestión e servizos (persoal de formación profesional ou de titulación equivalente ou inferior).

Terceiro.- Ámbito de aplicación

Poderá acceder ao procedemento de mobilidade interna regulado consonte ás bases asinadas o 16 de xaneiro de 2024, nos termos e condicións previstos nelas, o persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario de grao e formación profesional e de xestión e servizos (persoal de formación profesional ou de titulación equivalente ou inferior) para a adjudicación dos destinos solicitados voluntariamente nas prazas básicas polo persoal fixo que teña acadado o seu destino (con praza en propiedade) no Complexo Hospitalario Universitario A Coruña e se atope en situación de servizo activo ou con reserva de praza e ostente a categoría requirida para o desempeño do posto que se convoca e ao que se opta.

Cuarto.- Solicitudes e acreditación de méritos

1. Solicitud

As solicitudes para participar no presente procedemento axustaranse necesariamente ao formulario electrónico existente ao efecto na Oficina Virtual do Profesional (FIDES) e tras a súa impresión en formato papel, será requisito imprescindible formalizar o rexistro administrativo mediante a súa presentación por duplicado, dentro do correspondente prazo, preferentemente no rexistro do CHUAC (planta semisoto do Hotel de Pacientes do Hospital A Coruña), segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura no formulario de participación así como en calquera dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación.



2. Acceso a FIDES

O acceso a FIDES, desde a intranet do Servizo Galego de Saúde, realizarase mediante o código de usuario e contrasinal que os/as profesionais en activo xa teñen asignado e utilizan habitualmente para acceder ao resto de funcionalidades do sistema.

3. Exclusionións

Serán excluídas as persoas aspirantes que non cubran todos os apartados da instancia ou o fagan de xeito erróneo ou ambigüo, podendo dar lugar a diversas interpretacións.

4. Prazo de presentación de solicitudes e inclusión de méritos

O prazo de presentación de solicitudes será segundo cronograma establecido a partir da publicación do anuncio da convocatoria no DOG para as seguintes categorías:

Persoal de xestión e servizos:	Grupo Auxiliar da Función Administrativa Cociñeiro/a Pinche Celador/a Agrupacións profesionais
Persoal Sanitario de Formación Profesional:	TEL TER TEAP TCAE
Persoal Sanitario de Grao:	Enfermeiro/a Enfermeiro/a Especialista en Pediatría Enfermeiro/a Especialista en Saúde Mental Enfermeiro/a Especialista en Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica Fisioterapeuta Terapeuta Ocupacional Logopeda

Os méritos valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Tales méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático Expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes seguindo o procedemento descrito no Anexo II das bases. Non será obxecto de valoración neste procedemento de mobilidade interna voluntaria ningún mérito inserido



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DA
CORUÑA E CEE

no sistema informático acreditado polos participantes con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
Área Sanitaria da Coruña e Cee
XERENCIA

Área sanitaria da Coruña e Cee

Asdo.: Luis Verde Remeseiro